

## Un peixe laranxa<sup>1</sup>

Primavera de 2020. Tempos de confinamento

En casa teño un deses peixes laranxas.

Si, un deses que parecen todos iguais, como fabricados nalgún laboratorio para distribuílos masivamente por todos os acuarios.

Regaláronllo á miña filla pequena hai uns anos, xunto con outro compañeiro (ou compañeira... non son moi hábil en distinguir o sexo dos peixes... non son moi hábil en moitas cousas).

O compañeiro morreu ao pouco tempo.

De súpeto, empezou a nadar torcido, coma se o seu eixe de flotación se tivese desviado.

Unha mañá apareceu flotando no acuario.

Quedou un só peixe, quizais contristado na súa soidade.

Foi pasando o tempo.

Cando me achego e levanto a tapa do acuario, aproxímase lixeiro, intuindo a comida.

Nunca estou moi seguro de se é demasiado ou demasiado pouco.

(Lin e preguntei cal é a cantidade idónea, pero -outra torpeza miña- sigo sen telo claro).

Ás veces, mentres o miro, lembro aquel conto de Cortázar e imaxínome convertido nese peixe.

Quero crer que me quere, que me coñece. Sei que me necesita.

A miña filla chamouno Willy, por Willy Fog. Supoño que é un nome afortunado, pois o mundo de Willy é agora tan limitado que se pasa o día dándolle 80 e máis voltas.

Contemplando a este peixe laranxa  
co seu fulgor de sol apagado,  
pregúntome de onde vén,  
ata onde se remonta a súa xenealoxía de peixes de acuario,  
convertidos en adorno  
decorativo de casas e oficinas,  
en distracción efémera  
de nenos e anciáns,  
engaiolados en espazos ridículos  
lonxe das súas orixes,  
lonxe do paraíso dos peixes,  
aquele co que soñan,  
aquele ao que quizais retornen  
cando chegue o último día.

Contemplando a este peixe laranxa,  
no seu monótono deambular,  
no seu ir e vir interminable,  
intúese a maldición da súa especie,  
a condena da súa beleza,  
a persecución eterna dos homes,  
incansables buscadores de tesouros  
que nunca sacian  
as súas ansias  
de posuír.  
Entón

---

<sup>1</sup> Este texto foi publicado orixinalmente no blogue [Abrentes](http://abrentes.com), 27 de abril, 2020. Está suxeito á licenza Recoñecemento-CompartirIgual 4.0 Internacional de *Creative Commons*. Para ver unha copia desta licencia, visite <http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>



xorde unha dor xorda,  
unha especie de vergoña,  
unha tristura...

Contemplando a este peixe laranxa,  
intúese a pequenez  
ridícula na que vivimos  
encerrados,  
o baleiro  
insulso  
co que enchemos  
as nosas vidas,  
o triste ir e vir,  
volta e volta,  
co que perseguimos a nosa imaxe no espello.

Houbo un tempo  
no que os peixes laranxas de acuario  
vivían libres e salvaxes.